



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 1 DE OUTUBRO DE 2020,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Narón de dous treitos antigos da estrada provincial DP-5401 Narón ao polígono do Río do Pozo por Castro.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se crea a especialidade en dietética dentro da categoría estatutaria de técnico/a especialista do Servizo Galego de Saúde.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se dispón a remisión ao Parlamento de Galicia da memoria 2019 de control das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e as Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo de adopción de medidas de reforzo e mellora da investigación e da docencia no Sistema universitario de Galicia no curso 2020-2021 ante a pandemia ocasionada pola covid-19, por un importe total de tres millóns de euros (3.000.000€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e as Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o cofinanciamento da adquisición e mantemento de infraestruturas e equipamento no marco do Plan Estatal de I+D+i, por un importe total de dous millóns sesenta e un mil novecentos noventa e cinco euros con noventa e sete céntimos (2.061.995,97€).



CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración para o ano 2020, entre a Consellería de Política Social e a Fundación Juan Soñador, para o desenvolvemento do programa socioeducativo e de lecer e tempo libre, de atención integral para a infancia, a adolescencia e as familias. Importe: cento cincuenta e sete mil novecentos doce euros con noventa e catro céntimos (157.912,94€).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Informe polo que se dá conta da posta en funcionamento da iniciativa Foro de reactivación do deporte galego.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Informe sobre os Premios Galegos de Innovación e Deseño.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Informe sobre o incremento de gastos de funcionamento dos centros escolares públicos para afrontar a situación de pandemia derivada da covid-19.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o segundo cribado a profesionais da Sanidade pública de Galicia.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a modificación dos modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos aprobados pola Orde do 19 de maio de 2014.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a resolución das axudas destinadas a investimentos produtivos en acuicultura cofinanciadas co FEMP, convocadas para o ano 2020.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Informe sobre a resolución das axudas destinadas a investimentos en pemes de transformación dos produtos pesqueiros e da acuicultura cofinanciadas co FEMP, convocadas no ano 2020.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE NARÓN DE DOUS TREITOS ANTIGOS DA ESTRADA PROVINCIAL DE ACCESO AO POLÍGONO DO RÍO DO POZO POR CASTRO

- *Trátase do camiño de Borreiros, que abarca desde o Pazo Libunca ata a estrada de Cedeira*
- *O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais*
- *O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade, a prol do Concello de Narón, de dous treitos antigos da estrada provincial DP-5401 de acceso ao polígono do Río do Pozo por Castro.

O Concello solicitou á Deputación provincial da Coruña a cesión da titularidade destes treitos que coinciden co camiño de Borreiros, que abarca desde o Pazo Libunca ata a estrada de Cedeira.

A Administración provincial acordou aprobar o cambio de titularidade proposto, polo que emite informe favorable para a transferencia destes treitos e solicita o cambio de titularidade desta estrada á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

A transferencia a prol do Concello de Narón tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, a proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Goberno galego, o Concello de Narón terá a competencia para actuar nesta vía e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

O SERGAS CREA A ESPECIALIDADE EN DIETÉTICA DENTRO DA CATEGORÍA ESTATUTARIA DE TÉCNICO ESPECIALISTA

- *Xa hai unidades encargadas do deseño e control de dietas e alimentos subministrados para garantir a calidade e adaptación aos procesos patolóxicos*
- *O decreto aprobado hoxe permitirá a incorporación de persoal con esta titulación con vínculo de fixeza logo de superar as probas de selección*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o decreto polo que se crea a especialidade en dietética dentro da categoría estatutaria de técnico/a especialista do Servizo Galego de Saúde.

Con este decreto, consolídase e impúlsase a incorporación de persoal técnico especialista nas unidades encargadas do deseño e control das dietas e dos alimentos subministrados aos pacientes, co fin principal de garantir a súa calidade e a súa adaptación aos distintos procesos patolóxicos.

Con este decreto dáse pleno recoñecemento a este colectivo de profesionais da área sanitaria, regulando o seu réxime xurídico. Son profesionais formados especificamente para esas funcións, e que acreditan o Título de Técnico Superior en Dietética establecido polo Real Decreto 536/1995, do 7 abril (BOE número nº 131, do 2 xuño).

Actualmente, o persoal con esta titulación está a traballar con vínculos temporais. O decreto permitirá a incorporación, trala superación das correspondentes probas de selección, de persoal estatutario estable con vínculo de fixeza.

A dotación de prazas que sexa necesaria faríase progresivamente e mediante as modificacións que procedan nos cadros de persoal de técnico/a especialista, coas limitacións e de conformidade coas previsións establecidas nas disposicións orzamentarias en vigor.

Este decreto enmárcase nun proceso de recoñecemento por parte do Sergas, de titulacións sanitarias de formación profesional, como se fixo anteriormente co persoal técnico especialista en documentación sanitaria e o persoal técnico en farmacia.



UNHA NOVA BASE DE DATOS COA SUPERFICIE CONSTRUÍDA DEDICADA A VIVENDA AXUDARÁ A ESTIMAR AS NECESIDADES DE SOLO RESIDENCIAL POR CONCELLOS

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a remisión ao Parlamento da sexta memoria de seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio, correspondente a 2019*
- *O documento revela unha tendencia positiva na xestión dos residuos, cun aumento da cantidade de vidro e envases lixeiros recollida por persoa dun 30% e dun 21%, respectivamente, e un 21% máis de poboación con acceso a servizo de punto limpo*
- *Outra das conclusións é que se reforza a aposta pola rehabilitación como factor dinamizador de Galicia, cun total de 18 vivendas de promoción pública rematadas ou por rehabilitar, a compra polo IGVS de cinco edificios abandonados co Programa Rexurbe ou a concesión de case 1.700 axudas para a rehabilitación de inmobles*
- *Nesta última análise tivéronse en conta un total de 51 indicadores, cinco dos cales se estudaron por primeira vez con motivo da elaboración desta última memoria*
- *As DOT, aprobadas no ano 2011, constitúen o instrumento marco para a planificación territorial xa que nel se establecen os criterios básicos para o asentamento no territorio de distintos tipos de actividades e actuacións*

O Consello da Xunta coñeceu esta mañá o contido da sexta memoria de seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio (DOT), un documento que por primeira vez incorpora na súa análise un novo indicador de superficie destinada a vivenda en solo urbano e de núcleo rural, que reflicte a distribución e a intensidade deste uso no territorio aos efectos de estimar as necesidades de solo residencial en cada concello.

Segundo consta na memoria e co fin de xeorreferenciar a información relativa a este indicador, o Instituto de Estudos do Territorio (IET) elaborou unha base de datos que sirva de axuda na planificación de novos desenvolvementos de solo residencial propostos polos plans urbanísticos e mesmo na avaliación da súa idoneidade.

Aos efectos de estimar a necesidade de superficie destinada a vivenda, estes datos deberán xuntarse cos de dinámica demográfica, parque de vivendas construídas e demanda de vivenda protexida.

A xeorreferenciación desta demanda permitirá ás Administracións Públicas actuar onde faga máis falta, co que os investimentos públicos poderán gañar en eficiencia ao axustarse ás necesidades reais, avanzando nunha das liñas estratéxicas definidas nas propias DOT: favorecer a compacidade, harmonizar o desenvolvemento das cidades e prever a urbanización difusa.

Da cartografía realizada polo IET, que analiza 265 concellos con planeamento vixente dixitalizado, resulta que un 83% dos concellos teñen superficie ocupada por vivendas, tamén un 15% fóra do solo urbano e de núcleo rural. Estúdase, ademais, a densidade,



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

apuntando que o 37% dos ámbitos analizados presentan un rango de densidade de vivenda entre 100 e 500 m² por hectárea, un 30% entre 500 e 3.000 m² e só un 5% superan os 3.000 m².

As DOT, o instrumento marco da planificación territorial

As Directrices de Ordenación do Territorio, aprobadas no ano 2011, constitúen o instrumento marco para a planificación territorial de Galicia, no que se establecen os criterios básicos para o asentamento no territorio das distintas actividades e actuacións.

O Consello da Xunta aprobou no ano 2013 o decreto polo que se regula o Plan de seguimento deste instrumento, no que se establece que a Xunta deberá presentar con carácter anual ao Parlamento unha memoria balance.

O IET, organismo dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, é o encargado todos os anos da súa elaboración, en base ao informe aprobado pola Comisión de seguimento das DOT, na que están implicados 17 departamentos da Xunta de Galicia. Tras recibir hoxe o visto e prace do Consello, a memoria de seguimento de 2019 será remitida a continuación á Cámara autonómica.

O obxectivo do Plan de seguimento das DOT e da sustentabilidade territorial (PSST) é coñecer se se están realizando as actuacións establecidas nas propias Directrices, se estas están sendo eficaces de cara a garantir a sustentabilidade territorial e como o percibe a cidadanía. Para coñecer ese grao de cumprimento establécense tres ferramentas: os Indicadores de Desenvolvemento e Implantación (IDI), os Indicadores de Sustentabilidade Territorial (IST) e a Enquisa de Percepción Territorial e Urbanística (EPTU).

A memoria correspondente ao ano 2019 analiza nesta ocasión un total de 51 indicadores -44 IST e 7 IDI-, dos cales cinco (superficie de vivenda en solo urbano e solo de núcleo rural, superficie e usos portuarios, e Camiño de Santiago –os tres dentro do bloque de ocupación del territorio- e transporte público por estrada e parque móbil de vehículos -no bloque de mobilidade-) impleméntanse na análise por primeira vez.

O estudo dos IDI reflicte o grao de cumprimento das obrigas establecidas polas DOT. Neste senso, no período comprendido entre os anos 2011 e 2019 aprobáronse 49 novos PXOM e 90 están en elaboración; o que supón que o 44,26% dos concellos teñen plans adaptados ou en proceso de adaptación, o que representa o 40,93% da superficie de Galicia.

Así mesmo, a memoria de seguimento de 2019 recolle os resultados dos indicadores de sustentabilidade e das accións máis relevantes levadas a cabo pola Xunta en

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

desenvolvemento das DOT en cada unha das oito liñas estratéxicas do novo modelo territorial de Galicia, definidas nas propias directrices.

Principais conclusións por liñas estratéxicas

Dentro da liña estratéxica orientada a fortalecer os núcleos tradicionais, o litoral e a valorizar o territorio, a Memoria de 2019 resalta a aprobación da Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbana, que ten como obxectivo prioritario facer dos elementos propios da cultura arquitectónica galega factores de revitalización e dinamización de Galicia.

Nesta liña, subliña as importantes actuacións financiadas ou impulsadas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) o ano pasado nesta materia. Concretamente, lembra as 11 vivendas de promoción pública rehabilitadas por este organismo público nos concellos de Betanzos, Lugo, Ourense e Cerdedo; as sete sobre as que se empezou a actuar en Pontevedra e tamén en Betanzos ou a compra de cinco edificios en estado de abandono co mesmo obxectivo a través do chamado Programa Rexurbe.

Ademais, a memoria tamén incide en que o IGVS concedeu en 2019 un total de 1.681 axudas en materia de rehabilitación residencial a través de diferentes programas dirixidos a comunidades de veciños, particulares, concellos e empresas. Concretamente, 753 subvencións concedidas ao abeiro da liña dirixida a comunidades de propietarios de vivendas de promoción pública e outras 928 para rehabilitar inmobles a través doutras convocatorias, beneficiando aproximadamente a unhas 7.624 unidades de convivencia.

En canto á liña estratéxica relativa á protección do patrimonio natural e cultural, a memoria destaca a aprobación e publicación de tres plans reitores de uso e xestión –os correspondentes aos parques naturais de Serra da Enciña da Lastra e do Invernadeiro, así como o do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia- así como o principal avance normativo neste eido: a aprobación da Lei de patrimonio natural de Galicia.

Así mesmo, no apartado relativo á incorporación da perspectiva do metabolismo urbano para unha maior eficiencia ambiental, os principais fitos a tramitación da Estratexia Galega de Sustentabilidade ou Axenda 2030 para Galicia, así como a aprobación no último trimestre do ano da Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 (EGCCE) e da Estratexia de Economía Circular 2030 (EEC).

Dentro desta mesma liña estratéxica, en materia de residuos, no período 2011-2018 a evolución da cantidade de residuos urbanos xerada presenta unha evolución positiva, mentres que o indicador de recollida selectiva bruta revela que no vidro e nos envases lixeiros se incrementaron as cantidades recollidas por persoa nun 30% e nun 21%,



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

respectivamente. En canto ao indicador dotación de puntos limpos, entre 2011 e 2018 rexistrouse un incremento do 21% da poboación con acceso a este servizo.

Tamén os indicadores relativos ao ciclo hídrico amosan a mellora sostida da calidade das augas de baño no período 2011-2018, subindo un 16% as clasificadas como excelentes e baixando as boas, suficientes e insuficientes (3%, 6% e 8%, respectivamente).

Por último, entre outras conclusións da memoria cómpre citar en relación á potenciación do sector primario como parte esencial do medio rural, que o indicador de agricultura ecolóxica mantén a tendencia crecente dos últimos anos de xeito que no período analizado o incremento de superficie inscrita foi do 221%; ou en materia de telecomunicacións, que o indicador de implantación das TIC en asentamentos urbanos e rurais revela que o 64,7% da poboación galega conta con cobertura de rede de 30 ou máis Mbps (megabits por segundo).

A XUNTA TRANSFERIRÁ ÁS UNIVERSIDADES GALEGAS 3M€ ADICIONAIS PARA COMPENSAR OS GASTOS DA ADAPTACIÓN Á COVID-19

- *O Consello deu hoxe luz verde á sinatura dun convenio de colaboración para a transferencia destes orzamentos, de fondos propios da Consellería de Cultura, Educación e Universidade*
- *Poderán financiarse os gastos arredor de estratexias docentes, Plan de prevención e control sanitario, dixitalización, mellora das competencias dixitais ou actuacións en infraestruturas menores*
- *A maiores, o Goberno galego está a estudar xa o reparto entre universidades da parte proporcional que lles corresponde dos fondos estatais para a adaptación á pandemia do ano 2020*

A Xunta de Galicia transferirá ás universidades galegas 3 millóns de euros de fondos adicionais, orzamentos propios da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, para compensar os gastos nos que estas institucións académicas están a incorrer por mor da adaptación dos seus centros á covid-19. O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura dun acordo coas universidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña para este fin, tras o que se realizará de inmediato a transferencia para cubrir estes gastos, que son imprevistos pero imprescindibles para manter a calidade da oferta académica e da investigación.

Cómpre sinalar que, a maiores, Goberno galego está a estudar xa, en colaboración coas tres universidades, o reparto da parte proporcional que lles corresponde dos fondos estatais para a adaptación á pandemia do ano 2020. En calquera caso, e dado que este orzamento se destinará a finalidades moi concretas establecidas polo Ministerio, as universidades deberán presentar un plan de necesidades detallado.

Reparto

Cada unha das tres institucións académicas recibirán unha parte fixa (30% do importe total do acordo) e outra parte variable (o restante importe) que se divide en función do indicador do coste estándar co que se reparte o fondo estrutural do Plan de Financiamento. Deste xeito, a Universidade de Santiago de Compostela (USC) recibirá 1.150.500, a de Vigo (UVigo) 966.330 e a da Coruña (UDC) 883.170.

As universidades poderán investir os fondos en diferentes accións, en función das súas necesidades particulares, e de acordo coa súa autonomía de xestión. Aínda así, con carácter xeral, os importes das axudas irán destinadas a financiar conceptos como os gastos de control sanitario, sinalética, accións de limpeza e desinfección, así como obras de reforma, mellora e acondicionamento de espazos, instalacións de servizos de control de accesos, reforzos de control de seguridade ou equipamento funxible.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Por outra banda, tamén se poderán destinar á adquisición de licenzas de contidos dixitais e de apoio virtual á docencia mixta, accións relacionadas coa fenda dixital tanto de equipamento como de conectividade, cursos de formación ao profesorado, investigadores e Persoal de Administración e Servizos (PAS), ou investimentos en infraestrutura tecnolóxica, redes, hardware, equipamento informático ou tecnolóxico.

En calquera caso, o gasto deberá enmarcarse nalguna das cinco grandes accións establecidas no convenio, nomeadamente as estratexias docentes, o Plan de prevención e control sanitario, a estratexia de dixitalización reforzada do Sistema Universitario de Galicia (SUG), a mellora das competencias dixitais e as actuacións en infraestruturas menores.

Estratexias docentes

No referido ás estratexias docentes, as universidades poderán destinar os fondos ás accións desenvolvidas para minimizar o impacto no proceso ensino-aprendizaxe e para que o alumnado acade as competencias asociadas aos títulos.

Neste sentido, as tres universidades do SUG deberon elaborar unha Guía docente do alumnado, para asegurar o cumprimento dos criterios de calidade de cada unha das materias incluídas no plano de estudos dunha titulación oficial de grao ou máster universitario; así como un Plan de continxencia, que establece as medidas de adaptación aos distintos escenarios posibles previstos, tanto das metodoloxías docentes como dos sistemas de avaliación.

Plan de prevención e control sanitario

Así mesmo, as universidades elaboraron antes do inicio do curso cadanseu Plan xeral de prevención e control sanitario, cunha adaptación para cada un dos centros, dada a heteroxeneidade dos espazos e das actividades docentes que neles se desenvolven.

Con este fin, realizáronse as adaptacións precisas para cada un deles (protocolos referidos a número de alumnos por clase, material hixiénico-sanitario, toma de temperatura, control de accesos, desinfeccións, limpeza, ventilación, sinalización...), que se poderán financiar con cargo a estes fondos, incluídos os gastos de material e persoal.

Dixitalización e mellora das competencias

A situación derivada da pandemia fixo imprescindible poñer en marcha unha estratexia de dixitalización reforzada do sistema universitario, tanto para as posibles situacións de emerxencia, como para unha flexibilización das modalidades de ensinanza. Esta estratexia implica unha mellora do equipamento informático e redes telemáticas das universidades, unha capacitación do profesorado no uso da comunicación dixital e unha axuda da administración universitaria para a conectividade adecuada do

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

conxunto do alumnado, de maneira que ningún estudante sexa discriminado pola persistencia da fenda dixital.

Isto require, así mesmo, accións formativas dirixidas ao profesorado a través de cursos, seminarios, xornadas, etc. Todas estas melloras e iniciativas poderán financiarse ao abeiro do acordo aprobado hoxe.

Actuacións en infraestruturas menores

Finalmente, os fondos tamén poderán empregarse para as modificacións que se fixo necesario facer nas infraestruturas coa finalidade de poder garantir o máximo posible a seguridade e a saúde da comunidade universitaria: separación con mamparas, tabiques, reformulación de espazos...

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 2 MILLÓNS DE EUROS A CONFINANCIAR O EQUIPAMENTO TECNOLÓXICO E O MANTEMENTO DE INFRAESTRUTURAS DE I+D+i NAS TRES UNIVERSIDADES GALEGAS

- *A achega, única en todo o Estado, asegura que as accións levadas a cabo con cargo ao Plan Estatal de I+D+i teñan un custe cero para as universidades galegas, que non terán que facer ningún desembolso económico*

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade vai inxectar un total de 2.061.995,97 euros para cofinanciar o equipamento tecnolóxico e o mantemento de infraestruturas de I+D+i das tres universidades do Sistema Universitario Galego (SUG) no marco do Plan Estatal de I+D+i.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería, a Universidade da Coruña (UDC), a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Universidade de Vigo (UVigo) a través do cal o Goberno galego asume a parte complementaria (un 20%) dun investimento total que ascende a 10,3 millóns de euros (o 80% dos cales se financian a través de Fondos Feder que canaliza o Goberno do Estado).

Esta achega por parte do Goberno Galego, que é única en todo o Estado, asegura que a posta en marcha destas accións ao abeiro do Plan Estatal de I+D+i teña un custe cero por parte das universidades, que non terán que asumir ningún desembolso económico para poder desenvolveselas.

Así, a Consellería colabora no cofinanciamento da achega económica que a USC, a UDC e a UVigo necesitan para afrontar o custe total dos investimentos subvencionados, concedidos nominalmente pola Resolución do 9 de maio de 2019, da Secretaría de Estado de Universidades, Investigación, Desenvolvemento e Innovación e da Presidencia da Axencia Estatal de Investigación do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, no marco do Plan estatal de investigación científica e técnica e de innovación 2017-2020 (Plan estatal de I+D+i) e, dentro del, ao Subprograma estatal de infraestruturas de investigación e equipamento científico-técnico.

Ao abeiro destas axudas, as universidades do SUG poderán adquirir equipamento para a investigación en eidos como a Biomedicina, a Química biolóxica e materiais moleculares, a Enxeñería Civil, as Ciencias do Mar ou a Física de Altas enerxías entre outros. Deste xeito, Centros de Investigación acreditados pola Xunta de Galicia como o Cinbio (Centro de Investigacións Biomédicas), Ciqus (Centro de Investigación en Química Biolóxica e Materias Moleculares), Cimus (Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas), Igfae (Instituto Galego de Física de Altas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Energías) ou Agrupacións Estratéxicas como o Cica-Inibic (Centro de Investigacións Avanzadas e Instituto de Investigación Biomédica) ou o Citeec (Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñerías Civil), así como os Servizos de apoio a Investigación das tres universidades veranse beneficiadas deste equipamento conseguido na Convocatoria do 2019.

Desde que se puxo en marcha este Plan Estatal de I+D+i no ano 2015, a Consellería de Educación vén subscribindo distintos convenios coas universidades galegas por un importe que suma preto de 9,5 millóns de euros, co fin de que estas non teñan que asumir os custes do 20% que quedan fóra das axudas estatais.

Esta aposta da Xunta de Galicia polo impulso da investigación de calidade e unha xestión eficaz da transferencia do coñecemento e a tecnoloxía permitiu que os maiores axentes científicos do noso sistema universitario -centros de investigación, agrupacións estratéxicas e grupos de investigación das universidades- se doten dos equipamentos científicos de última xeración para desenvolver os seus traballos científicos.

A XUNTA INCREMENTA UN 40%, ATA OS 158.000 EUROS, A SÚA AXUDA Á FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR PARA O PROGRAMA DE ATENCIÓN INTEGRAL A MENORES TUTELADOS

- *Sumada a achega da entidade, o orzamento total do novo convenio incrementábase ata os 180.000 euros, o que permitirá ampliar ata preto de 500 o número de nenas, nenos e adolescentes beneficiados*

O Consello da Xunta deu luz verde hoxe ao novo convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Juan Soñador por valor de 180.000 euros para dar continuidade ao programa de atención integral de menores en situación de risco, desamparo ou exclusión social que están tutelados pola Administración autonómica. O Goberno galego incrementa nun 40% a súa achega a esta iniciativa ata chegar aos 158.000 euros. O resto da contía, 22.000 euros, corren a cargo da fundación.

Este aumento orzamentario permite ampliar ata preto de 500 o número de menores que se beneficiarán deste programa ao longo deste ano 2020, ao redor de 70 máis que en 2019. Tamén supón o reforzo dunha das áreas principais desta proposta como é a de atención escolar e apoio educativo.

Os outros tres campos nos que se actúa con este programa son o desenvolvemento persoal e social dos menores, a través de titorías e obradoiros centrados na educación emocional; a dinamización do ocio e o tempo libre, co que se realizan actividades lúdicas e culturais de cara a un crecemento saudable; e a atención familiar, mediante o acompañamento a estas no proceso de acollemento.

A Xunta de Galicia e a Fundación Juan Soñador comezaron no ano 2015 este programa de apoio social, educativo e de ocio a menores tutelados. Desde entón duplicouse o número de nenas, nenos e adolescentes atendidos, ao pasar dos 227 beneficiarios nese primeiro ano aos 500 que se prevén acadar en 2020.

A XUNTA CREA O FORO DE REACTIVACIÓN DO DEPORTE GALEGO PARA A PROPOSTA E ANÁLISE DAS MEDIDAS QUE GARANTAN A RECUPERACIÓN SOSTIBLE DO SECTOR

- *A creación do foro que, cunha análise e perspectiva sectorial e dende o consenso, poida ser o xerme de propostas que coadxuven á reactivación do sector deportivo no seu sentido mais amplo mostra a firme aposta da Xunta polo traballo conxunto de todo o tecido deportivo*

A Secretaría Xeral para o Deporte creará o Foro de Reactivación do Deporte Galego como espazo de deliberación, análise e proposta de actuacións para o sector deportivo de Galicia no contexto posterior á crise sanitaria da covid-19. O seu obxectivo será a análise das medidas de actuación que, desde os distintos ámbitos materiais afectados, poidan formularse para establecer un marco de recuperación sostible do sector deportivo galego.

Neste foro de deliberación, análise e proposta fomentárase a participación de todo o tecido deportivo galego para o que se convidará a Federación Galega de Municipios e Provincias, Unión de Federacións Deportivas de Galicia, os grupos de traballo constituídos aos efectos da adaptación do protocolo FISICOID-DXTGALEGO, os deportistas galegos de alto nivel, as Agrupacións Deportivas Escolares de Galicia, as tres Universidades Galegas, a Asociación Galega de Xestores Deportivos, o Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia, a Asociación de empresas xestoras de instalacións deportivas de Galicia, así como persoas de recoñecido prestixio nas diferentes disciplinas vinculadas aos ámbitos académico, profesional e sectorial do deporte de Galicia.

Dende a declaración da emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma polo Consello da Xunta de Galicia o pasado 13 de marzo, a Administración autonómica vén actuando na prevención e control da crise sanitaria orixinada pola expansión da covid-19. Moitas destas medidas recollidas no *Diario Oficial de Galicia* corresponden ao ámbito deportivo e foron establecidas, nomeadamente a través do acordo do Consello da Xunta de Galicia de 17 de xullo (DOG de 18 de xullo), a orde de 27 de agosto de 2020 (DOG de 28 de agosto) e a orde de 9 de setembro de 2020 (DOG de 9 de setembro).

Cómpre salientar que, en todo este tempo, a Secretaría Xeral para o Deporte promoveu a permanente coordinación cos axentes e o tecido deportivo autonómico, especialmente das federacións deportivas, clubs e deportistas, así como coa Administración xeral do Estado no que se refire á competición deportiva de carácter estatal non profesional. Froito deste traballo resultan os protocolos específicos de cada



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

federación deportiva, así como o protocolo básico de actuación do Centro Galego de Tecnificación Deportiva, ou as Guías DXT Galego 'Volvendo con sentidoño'.

Deste xeito, a creación dun foro que, cunha análise e perspectiva sectorial e dende o consenso, poida ser o xerme de propostas que coadruen á máis axeitada reactivación do sector deportivo no seu sentido mais amplo (práctica de actividade física, deporte competitivo e sector produtivo e de prestación de servizos) mostra a firme aposta da Xunta de Galicia polo traballo conxunto de todo o tecido deportivo galego na reactivación deste sector.





A XUNTA CONVOCA OS PREMIOS GALEGOS DE INNOVACIÓN E DESEÑO PARA RECOÑECER A PERSOAS E EMPRESAS REFERENTES NESTES EIDOS CLAVE PARA IMPULSAR A COMPETITIVIDADE

- *Os galardóns, convocados por primeira vez pola Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain), porán en valor a profesionais e compañías que apostan pola innovación e o deseño dentro da súa estratexia empresarial*
- *A combinación de innovación e deseño permite fomentar unha economía xeradora de bens e servizos de alto valor engadido e unha xestión eficaz das súas cadeas de valor cun maior acceso aos mercados en todo o mundo*
- *Gain puxo en marcha no ano 2018 o Programa de Deseño para a Innovación 2020 que ten como obxectivo axudar a incorporar nas pemes galegas o deseño e poñer en valor a figura do deseñador como elemento de innovación e competitividade*

A Xunta convocará a primeira edición dos Premios Galegos de Innovación e Deseño co obxectivo de recoñecer a persoas e empresas referentes nestes ámbitos que son estratéxicos para impulsar a competitividade de Galicia.

Tal e como se informou hoxe no Consello da Xunta, con esta iniciativa impulsada pola Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain), distinguirase a persoas e empresas galegas que teñen a innovación como un elemento clave para o desenvolvemento da súa estratexia profesional e o seu crecemento empresarial, alcanzando así altas cotas de competitividade nos mercados, tanto galegos como nacionais e internacionais. Por outra banda, premiarase aos profesionais e compañías que contribúen significativamente á mellora do prestixio do deseño galego e ás empresas que ao incorporalo á súa estratexia empresarial demostran que o deseño actúa como motor de innovación e competitividade.

Estes galardóns, que se prevén publicar este mes no *Diario Oficial de Galicia*, contarán, por unha banda, no tocante aos premios de innovación, coa categoría de traxectoria innovadora, para empresarios e profesionais; cun premio para gran empresa e outro para pequena e mediana empresa. No ámbito do deseño, haberá unha distinción para profesionais cunha traxectoria de, polo menos, 10 anos; outra para empresas que incorporasen o deseño á súa estratexia empresarial durante 10 anos como mínimo; e outra para mozas e mozos deseñadores de ata 35 anos de idade e cunha traxectoria profesional inferior a 10 anos.

Os recoñecementos para a traxectoria innovadora na categoría de gran empresa e o premio para empresas no apartado de deseño terán carácter honorífico, e todos os demais terán unha dotación económica de 15.000 euros cada un.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Entre os criterios de avaliación, os distintos xurados terán en conta a traxectoria e actividade innovadora, así como o posicionamento e impacto da innovación na mellora da súa capacidade competitiva no caso dos premios de innovación; mentres que nos galardóns de deseño se valorará a traxectoria e achega realizada, así como o impulso á innovación a través do deseño. Unha vez se publique no DOG, os interesados poderán presentar as súas propostas de xeito electrónico no prazo de dous meses.

Con esta convocatoria de premios búscase, no marco da Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia e o Programa de Deseño para a Innovación 2020, amosar as boas prácticas no ámbito da innovación e o deseño para que sirvan de exemplo e inspiración ao tecido empresarial e aos profesionais e, en xeral, ao conxunto da sociedade galega, poñendo de relevo como a innovación é esencial para aumentar a competitividade empresarial e a calidade de vida das persoas. De feito, a combinación de innovación e deseño permite fomentar unha economía xeradora de bens e servizos de alto valor engadido e unha xestión eficaz das súas cadeas de valor cun maior acceso aos mercados en todo o mundo.

Ademais, esta iniciativa complementa a convocatoria da segunda edición do Premio Empregados/as Públicos/as Innovadores/as, impulsado pola Axencia Galega de Innovación (Gain) e que mantén o prazo aberto ata o 1 de outubro. O obxectivo do premio é recoñecer o compromiso e a actitude innovadora do persoal ao servizo da Xunta de Galicia que fai posible unha Administración autonómica máis eficiente, moderna e innovadora capaz de satisfacer as necesidades da cidadanía.



A XUNTA INJECTA 23,5 M€ NOS CENTROS PÚBLICOS PARA FACER FRONTE ÁS NECESIDADES DERIVADAS DA COVID, APOIAR ÁS FAMILIAS CON MENOS RECURSOS E BLINDAR AS AULAS COMO ESPAZOS SEGUROS

- *Educación crea unha Reserva de Garantía Educativa dotada con 7 M€ para a dotación de material específico de prevención sanitaria para todo o curso escolar*
- *Esta Reserva engádese aos 16,5 M€ da partida de gastos ordinarios para este trimestre que agora os centros tamén poderán empregar para a súa adaptación ao contexto covid*
- *Deste xeito poderán adquirir máscaras hixiénicas certificadas para o alumnado menos favorecido así como outro equipamento necesario para cumprir coas medidas de illamento ante unha sospeita de covid, entre outros*
- *O Goberno galego redobra o apoio ás familias con menos recursos nun momento excepcional de crise*
- *Supón un incremento do 42% dos recursos que a Consellería de Educación pon a disposición dos centros*

A Xunta de Galicia vai inxectar un total de 23,5 millóns de euros nos centros educativos públicos para facer fronte ás necesidades de seguridade e hixiene derivadas da covid-19, partida coa que poderán adquirir máscaras hixiénicas para o alumnado con menos recursos, equipamento necesario en caso de ter que aplicar medidas de illamento ante unha sospeita de coronavirus ou mercar hidroxel, entre outros.

Deste montante total -que supón un incremento do 42% dos recursos que a Consellería de Educación pon a disposición dos centros- unha parte (16,5 M€) provén da partida ordinaria de gastos de funcionamento para este trimestre, e que agora flexibiliza o seu uso de forma que os centros poidan destinar unha parte a medidas de adaptación ao contexto covid en función das súas necesidades.

A maiores a Consellería vén de crear unha Reserva de Garantía Educativa, dotada con 7 millóns de euros para a dotación e adquisición, por parte dos centros educativos, de material vencellado á prevención do risco sanitario. Estes fondos serán xestionados polos propios centros, xa que son os que mellor coñecen a realidade e as necesidades concretas ás que teñen que facer fronte

Máscaras e equipamento de illamento

Con cargo a esta Reserva de Garantía Educativa, os centros educativos poderán adquirir máscaras hixiénicas certificadas para o alumnado máis vulnerable, tomando como referencia os estándares que se aplican para o sistema de axudas de libros de texto.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A maiores, con cargo a esta Reserva de Garantía Educativa, poderán adquirir tamén un fondo de máscaras cirúrxicas para eventualidades, que serán repartidas en función do número de alumnado e de unidades que teñan.

Tamén poderán adquirir todo o equipamento necesario para cumprir coas medidas de illamento establecidas no Protocolo ante sospeita de síntomas compatibles co coronavirus, se fora necesario chegado o caso (como batas desbotables, máscaras FTTP2 e pantallas faciais reutilizables); así como a adquisición de hidroxel para os usos fixados tamén no mencionado Protocolo, guantes, mamparas e produtos desinfectantes.

Apoio ás familias con menos recursos

Deste xeito, o Goberno galego redobra os seus esforzos no apoio ás familias con menos recursos, nun contexto excepcional de crise; ao tempo que blinda as aulas como espazos seguros, dotando aos centros de todo o material necesario na loita contra a expansión do virus.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade informou ao Consello da Xunta desta transferencia de fondos para centros escolares que supón un reforzo orzamentario da partida de gastos de funcionamento dos máis de 1.000 centros educativos públicos, que durante este curso 2020-21 van ver incrementado dito gasto debido á posta en marcha de medidas hixiénicas esixidas polo contexto actual.

SANIDADE REALIZARÁ UN SEGUNDO CRIBADO DE DETECCIÓN DA COVID-19 A MÁIS DE 47.500 TRABALLADORES DE CENTROS SANITARIOS

- *O obxectivo é continuar a actividade sanitaria maximizando a seguridade coa detección precoz de casos e a prevención de abrochos*

O conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, informou esta mañá ao Consello da Xunta da realización dunha proba diagnóstica da covid-19 a un total de 47.546 profesionais do eido sanitario. A proba que se lles realizará é o coñecido como test rápido, que é un test serolóxico de determinación de anticorpos polo virus SARS-CoV-2 (IgG/IgM).

As probas inicianse o 2 de outubro cos profesionais que teñen un contacto máis directo con pacientes infectados por covid-19. Isto é, aqueles que na súa práctica clínica teñan un risco elevado de producir aerosóis, sospeitas de transmisión (con profesionais covid positivos), profesionais en contacto con pacientes especialmente vulnerables (dializados, inmunodeprimidos etc) e noutras situacións de exposición de alto risco, ata completar a totalidade do persoal. O test será realizado por persoal de enfermería e habilitaranse puntos específicos para a toma de mostras.

En total, realizarán a proba 43.918 profesionais do Servizo Galego de Saúde e das entidades dependentes do mesmo (como Galaria, 061, ADOS, etc.). Segundo as categorías, realizarán o test un total 9.997 facultativos, 13.528 profesionais de enfermería e 7.437 técnicos en coidados auxiliares de enfermería. Tamén se inclúen nas probas a 4.735 celadores, outros profesionais sanitarios (2.486) e persoal non sanitario (un total de 5.735 profesionais).

Ademais, Sanidade realizará esta proba de detección da infección a un total de 3.628 traballadores de empresas que prestan os seus servizos nos centros sanitarios (persoal de limpeza, seguridade, restauración, entre outros).

Esta actuación está enmarcada na detección precoz de novos casos e a prevención da aparición de novos abrochos a través da realización de probas de detección de infección en determinados colectivos estratéxicos. A análise dos datos do momento epidemiolóxico actual recomenda realizar un segundo cribado a este persoal.

A Consellería de Sanidade xa realizou un primeiro cribado no mes de maio a todos os profesionais do Servizo Galego de Saúde, os das entidades dependentes do mesmo e os das empresas que prestan os seus servizos nos centros sanitarios públicos.



A XUNTA AMPLIARÁ OS MODELOS SILVÍCOLAS AOS QUE OS TITULARES FORESTAIS PODEN ADHERIRSE PARA MELLORAR A XESTIÓN DO MONTE

- *A normativa obriga aos titulares de terreos forestais de 15 ou menos hectáreas a dispoñer dun instrumento de ordenación ou xestión forestal a partir do vindeiro ano, polo que cómpre facilitar a adhesión a este tipo de ferramentas*
- *Con esta medida impúlsase a valorización do monte e de todos os seus produtos forestais como as resinas, as cortizas ou o aproveitamento pastoril en terreos forestais desarborados*
- *O obxectivo é abrir o abano deste tipo de instrumentos para fomentar unha aplicación práctica das políticas de descarbonización, neutralidade climática e bioeconomía, así como os principios de xestión activa, adaptativa, participada ou próxima á natureza*

A Xunta ampliará mediante unha orde específica os modelos silvícolas aos que os titulares forestais da nosa comunidade poden adherirse, co fin de mellorar así a xestión e a sustentabilidade do monte galego. O Goberno galego avaliou na súa xuntanza de hoxe un informe da Consellería do Medio Rural sobre esta iniciativa, actualmente en fase de elaboración.

Trátase de ampliar o abano deste tipo de ferramentas para fomentar unha aplicación práctica das políticas de descarbonización, neutralidade climática e bioeconomía, así como os principios de xestión activa, adaptativa, participada ou próxima á natureza. Ademais, con esta medida impúlsase a valorización do monte e de todos os seus produtos forestais como as resinas, as cortizas ou o aproveitamento pastoril en terreos forestais desarborados.

Asemade, cómpre lembrar que a Lei de montes de Galicia establece a obrigatoriedade de que os terreos forestais de 15 ou menos hectáreas de superficie dispoñan dun instrumento de ordenación ou xestión forestal obrigatorio e vixente dende o 31 de decembro de 2020. Por iso, faise necesario fomentar e facilitar a adhesión a este tipo de ferramentas por parte dos titulares dos terreos. Ese é o obxectivo final desta orde que impulsa a Consellería do Medio Rural.

Esta disposición ten, polo tanto, unha clara vinculación coa xestión forestal sustentable e coa obtención de produtos do monte etiquetados baixo selos de certificación forestal, por calquera sistema internacionalmente recoñecido. A extensión da superficie amparada por estes indicativos de certificación é clave para mellorar a competitividade do sector forestal galego.

En todo caso, cómpre matizar que a adhesión aos modelos silvícolas é un trámite moi sinxelo, case automático, que non require de xestións burocráticas complexas para

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

levarse a cabo. Así, esta tramitación solucionarase cuns simples “clicks” informáticos durante o proceso de solicitude ou declaración responsable do aproveitamento madeireiro.

Adecuada xestión

Os instrumentos de ordenación ou de xestión forestal son aqueles que facilitan unha adecuada xestión e aproveitamento dos montes, desde o punto de vista da súa sustentabilidade. Veñen ser unha especie de “guías” de boas prácticas para xestionar correctamente a riqueza forestal.

Así, estas ferramentas baséanse na análise das especies existentes e nas súas quendas de corta, cando se trate de especies arbóreas. Así mesmo, garantirán que non se poña en perigo a persistencia dos ecosistemas e que se manteña a capacidade produtiva dos montes mediante o compromiso a códigos ou referentes de boas prácticas.

Coa futura orde, trátase de ampliar os modelos baixo ese “enfoque verde” na xestión forestal. Así, a futura norma incorporará un total de 15 novos modelos. Catro deles estarán dirixidos á xestión de masas de frondosas autóctonas, especialmente necesarios tras a recente publicación do decreto polo que se crea e se regula o rexistro de masas consolidadas destas especies.

Outros dos novos instrumentos irán orientados á creación de modelos adaptativos ou resilientes, á obtención de ecoprodutos substitutivos de materiais de alta pegada de carbono -denominados xenericamente como modelos para a obtención de madeira masiva ou madeira técnica- e á aplicación de modelos próximos á natureza. Tamén, se crearán novos modelos dirixidos á multifuncionalidade do monte, impulsando outros aproveitamentos como a resina, a cortiza ou o pastoreo en terreos forestais desarborados.

Intensidade e resiliencia

Na normativa incorporaranse tamén novas variables para a caracterización dos modelos presentados. Entre elas salientan as que catalogan os modelos en función do grao de intensidade de xestión que supón a aplicación de cada un deles. Este concepto presenta unha clara relevancia en materia de silvicultura activa e cualifícase principalmente sobre a base destes catro factores: a frecuencia e relevancia das intervencións de mellora, a intensidade das cortas, a duración da quenda de corta e a medida en que se empregan materiais de mellora xenética.

Entre as devanditas variables figura tamén o grao de resiliencia medioambiental que supón a aplicación de cada un dos modelos. Nun contexto marcado polo cambio climático, as vantaxes adaptativas que supoñen aqueles modelos máis resilientes son valores que os titulares forestais deben ter en consideración no proceso de escolla do modelo a aplicar.

OS BATEEIROS BENEFICIARANSE DE MÁIS DO 80% DAS AXUDAS DA XUNTA DESTE ANO DESTINADAS A IMPULSAR UNHA ACUICULTURA SUSTENTABLE

- *O Consello do Goberno galego analizou hoxe un informe sobre a resolución da convocatoria destas achegas para o presente exercicio*
- *Os 103 proxectos aprobados mobilizarán máis de 12 millóns de euros, contando a parte empresarial, en investimentos produtivos, eficiencia enerxética e asesoramento técnico, científico, xurídico, ambiental ou económico*
- *A estas achegas súmanse as convocadas pola Consellería do Mar para o desenvolvemento tecnolóxico, a innovación e a competitividade no eido acuícola*

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a resolución da convocatoria de 2020 de axudas para melloras no eido da acuicultura que fomenten unha actividade sustentable no que se detalla a aprobación de 103 solicitudes por un importe de algo máis de 6 millóns de euros. A convocatoria incluía tres liñas de achegas -para apoiar os investimentos produtivos, o incremento da eficiencia enerxética e o fomento do uso de fontes de enerxía renovables e servizos de asesoramento técnico, científico, xurídico, ambiental ou económico- e arredor do 83% dos proxectos aprobados corresponden ao sector mexilloeiro.

Os potenciais beneficiarios destas subvencións, cofinanciadas polo Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP), son bateeiros, confrarías de pescadores e acuicultores que promovan unha actividade sustentable, titulares de establecementos de acuicultura situados nas zonas terrestre, marítimo-terrestre ou marítima que teñan as súas instalacións na Comunidade. Finalmente a maioría das solicitudes aprobadas pertencen a empresas dedicadas á produción de mexillón, con 85 das 103 achegas aceptadas no marco desta convocatoria. En canto ao orzamento destinado a estas axudas, tamén preto do 74% do total é para o sector mexilloeiro, con máis de 4,4 millóns de euros dos máis de seis millóns aprobados.

O obxectivo destas achegas é fomentar unha acuicultura sustentable desde unha perspectiva medioambiental, socialmente responsable, baseada no coñecemento e competitiva. A través delas, a Consellería do Mar subvenciona actuacións para investimentos produtivos na acuicultura, para diversificar a produción e para modernizar as instalacións neste sector, incluíndo a adquisición de equipos. Ao abeiro destas axudas tamén se financian, entre outros, investimentos na mellora da calidade do produto ou para incrementar o seu valor.

De feito, os máis de seis millóns de euros en subvencións previstos neses 103 proxectos derivarán nun investimento total, contando a parte das empresas, de máis de 12,2 millóns de euros. Entre os proxectos aprobados nesta convocatoria para o



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

sector do mexillón están a construción e modernización de embarcacións con distintos elementos e a modernización e construción de bateas. No caso dos proxectos na área de peixes, entre os subvencionados está a modernización de granxas acuícolas.

A estas axudas súmanse as convocadas por primeira vez o ano pasado, tamén no marco do FEMP, para o desenvolvemento tecnolóxico, a innovación e a competitividade no sector da acuicultura. Delas poderán beneficiarse os acuicultores, entre eles as confrarías e asociacións e organizacións de bateeiros, que fomenten unha actividade sustentable a través de proxectos de innovación desenvolvidos en colaboración con organismos científicos ou técnicos recoñecidos polo Estado ou pola comunidade autónoma de Galicia e tamén as universidades públicas e privadas.





A XUNTA SUBVENCIONA O 50% DE 43 PROXECTOS PARA A MELLORA DAS INSTALACIÓNS DAS PEMES DE TRANSFORMACIÓN DE PRODUTOS DO MAR

- *O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a resolución da convocatoria deste ano das achegas destinadas a este fin e cofinanciadas polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca*
- *As actuacións previstas supoñen un valor de axuda de arredor de 15 millóns de euros e xerarán un investimento total de máis de 30 millóns de euros*
- *O obxectivo destas axudas é que o sector transformador dos produtos do mar poida mellorar a súa eficiencia enerxética, reduza o impacto no medio ambiente, promova a innovación e mellore as súas condicións de traballo e seguridade*

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a resolución da convocatoria deste ano de axudas para investimentos en pequenas e medianas empresas de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura no que se detalla a aprobación de 43 proxectos por un importe de preto de 15 millóns de euros a distribuír entre as anualidades 2020 e 2021. Con estas axudas a Xunta subvenciona o 50% de cada un destes proxectos cun investimento total de máis de 30 millóns de euros que permitirá acometer melloras nas instalacións destas empresas.

Estre as accións que son obxecto de cobertura destas achegas está a optimización dos procesos de transformación, a innovación no ámbito da industria de procesado de peixes e na transformación de moluscos, a ampliación e adquisición de equipamentos nas plantas de transformación de produtos do mar e melloras en materia de eficiencia enerxética, entre outras.

Os beneficiarios destas subvencións, cofinanciadas polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), son pequenas e medianas empresas de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura que realizan investimentos que contribúen a, entre outras cuestións, aforrar enerxía, mellorar a seguridade, optimizar os procesos de transformación e contar con novos produtos e procesos ou mellores sistemas de xestión.

O obxectivo desta liña de axudas é que o sector transformador dos produtos do mar poida mellorar a súa eficiencia enerxética, reduza o impacto no medio ambiente, promova a innovación e mellore as súas condicións de traballo e seguridade, o que contribúe a incrementar a súa competitividade e a mellorar os seus resultados económicos.

Incluindo os proxectos aprobados nesta convocatoria, desde 2016 beneficiáronse destas axudas preto de 230 iniciativas de transformación de produtos do mar por valor de máis de 57 millóns de euros. A través delas, subvencionáronse, entre outros



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

proxectos, algúns relacionados coa posta en marcha de industrias de procesado de peixe, con equipamentos para a mellora dos procesos de transformación, coa innovación no ámbito de novos e mellores procesos, coa mellora no tratamento de residuos e o aforro enerxético.

